
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/77-5**

<b>Ano</b>	2010
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R. decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R. philippinarum</i> ), ameixa babosa ( <i>V. pullastra</i> ), ameixa bicuda ( <i>V. aurea</i> ), berberecho ( <i>C. edule</i> ), carneiro ( <i>V. verrucosa</i> ) e reloxo ( <i>D. exoleta</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Zonas de autorización
<b>Subzonas de explotación</b>	Moreiras, O Grove, Vilalonga, O Facho-Castrelo.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
436	-	-
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		(*) Si (cobertura de vacantes)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
31		

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		180									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup> : de xaneiro a decembro. Ámbito do plan.</b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup> : a pé</b>											
xan	feb	mar	Abril	Maio	xuño	Xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura	
Especies	A pé (mariscadora-or/día)
Ameixa fina	3 kg
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa bicuda	3 kg
Ameixa xaponesa(*)	5 kg
Berberecho (**)	6 kg
Carneiro	Establecido na apertura mensual
Reloxo	Establecido na apertura mensual

(\*) Exclusivamente, nas praias de Correlo e Vía Sur (incluíndo nesta as zonas de O Redondo, San Marcos e Porca Morta) o tope de ameixa xaponesa será de 15 kg/mariscadora/día, en momentos puntuais do ano

(\*\*) O tope de berberecho poderá ser de 20 kg se a extracción é realizada en exclusiva por aquelas mariscadoras que só se adican a esta especie.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia

**Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.**

<b>Artes a empregar</b>	Sacho e rastrillo ou angazo.											
<b>Puntos de control</b>	En Castrelo: O Facho e Insuiña En Vilalonga: As Cachadas Ponte da Toxa, Moreiras e lonxa no Grove.											
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa do Grove.											
<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas: San Bastián, Porca Morta e Vilalonga.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	X	X	X	X	X				X	X	
Zonas: ámbito do plan (Conroibo, Lavaxeira, vía Norte, os Lombos, etc.)												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito doplan.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: segundo as necesidades.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Mostraxes:** deberán achegarse, na primeira quincena do mes de xaneiro, os resultados das mostraxes realizadas durante o ano 2009 xa que dita información non foi incluída no plan de explotación.

**Participantes:** Segundo os datos da Consellería do Mar, hai un total de 436 permex en vigor. Da relación achegada pola entidade (450 mariscadoras), hai 20 mariscadoras que non renovaron o seu permiso de explotación e 6 mariscadoras que non foron incluídas, a pesares de ter o seu permiso en vigor: .....

**(\*) Proposta de ampliación:** A entidade propón un incremento de 50 permisos xustificando que durante o ano 2009 producíronse 30 baixas e que para o ano 2010, serán, alomenos, 15 máis. Tendo en conta que:

Se temos en conta que:

- O número de permisos concedidos en data actual é de 437 e que ao final do ano 2010 será

(\*) Modificado por Resolución do 28 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso 2 potestativo de reposición



de 422

- O informe técnico emitido con data do 16 de febreiro recomenda non aumentar o número de permex por riba dos 470 integrantes, xa que podería producir unha baixada dos ingresos non sustentable e de difícil solución
- O incremento de 49 suporía, no momento actual un total de 486 permisos e, de facelo a finais do ano 2010 de 471.

Considérase que é posible acceder á cobertura de 50 permisos de explotación sempre baixo as seguintes condicións:

- Que a asemblea xeral de mariscadoras estea informada de tal cobertura de vacantes e se conte coa aprobación desta
- Que o procedemento de cobertura de vacantes se realice de tal xeito que os novos permisos se incorporen no ano 2011, xa que parte das baixas produciranse durante o ano 2010.

#### **Cotas máximas de captura:**

(\*) A cota de ameixa xaponesa queda fixada tal e como figura na ficha. Non se observa inconveniente algún en que se poda incrementar a cota máxima de captura de ameixa xaponesa a 15 kg/mariscadora/día en momentos puntuais do ano e unicamente nas praias de Correlo e Vía Sur.

Cómpre lembrar á entidade que os topes son máximos e que non se poden modificar sen previa autorización da Consellería do Mar. A baixada de topes é unha competencia do departamento territorial, polo que si estiman conveniente modificar o tope deben solicitalo á xefatura territorial que ditará resolución ó respecto.

#### **Tallas mínimas:**

Non se poderá extraer e comercializar ameixa babosa de talla inferior a 38 mm, de acordo coa Orde de 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixe, moluscos, crustáceos e equinodermos e co Regulamento(CE) 1298/2000, de 8 de xuño, polo que se modifica por quinta vez o Regulamento (CE) nº 850/1998 para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños nos que se establece que o tamaño mínimo regulamentario da ameixa babosa e de 38 mm.

**Artes a empregar:** A forquilla non está contemplada como arte de marisqueo a pé segundo o establecido no artigo 118 do Decreto 424/1993, polo que a súa autorización require da aprobación do correspondente plan experimental.

#### **Labores de semicultivo:**

As labores de erradicación de ceba (*Zoostera sp*) na enseada deben estar informadas favorablemente pola Consellería do Medio Rural con carácter previo á súa realización.

Con respecto as operacións de cultivo prevista no plan (apartado 4.3) cómpre lembrar que cando se pretenda realizar a inmersión de especies procedentes dun establecemento de cultivos mariños (criadoiro,batea), para continuar o seu engorde en batea ou praia, deberán solicitar ao



departamento territorial o correspondente documento de transporte (o titular do establecemento de orixe) e permiso de inmersión (o destinatario).

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Normas do plan:** En relación coa posibilidade contemplada no plan de que os mariscadores sancionados con suspensión cautelar ou definitiva dos dereitos como socios da confraría ou como integrantes de calquera dos colectivos de marisqueo, quedarán apartados por un período igual do plan de traballo, ou ben de xeito definitivo, e tendo en conta o seguinte:

Calquera privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.

A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recurrir á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendamos, no caso de que a sanción imposta pola entidade fora recurrida ante a xurisdición ordinaria, co cal carecería de firmeza, que as persoas afectadas sexan incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución xudicial definitiva. O obxecto desta medida sería respectar os dereitos da persoa ao traballo e á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada en vía xudicial.

Tendo en conta a existencia de normas de traballo (apartados 5.7 e 7) e infraccións por incumprimento de acordos, sería conveniente que fosen aprobadas en assemblea do colectivo de marisqueo a pé.

**Recomendacións para a mellora do plan:**

- achegar os resultados das mostraxes, dado que non foron presentadas no plan de explotación. Recordáselles que o plan deberá conter información sobre as mostraxes realizadas nos bancos, o que permite avaliar e valorar os obxectivos de produción e económicos.
- Aprobación do plan pola assemblea de mariscadoras a pé, así como que da ampliación do número de permisos
- detallar a organización do punto de control e dos traballos de semicultivo
- indicar o plan financeiro
- documento onde se recollan as infraccións e sancións aprobado polo sector